



CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE PONTEAREAS E ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEAREAS E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ

REUNIDOS/AS:

Dunha parte, dona Maite Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en calidade de presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, con CIF G-15924558.

Doutra parte, don Xosé Represas Giráldez, en calidade de alcalde-presidente do Ilmo. Concello de Ponteareas asistido do Secretario, D. Carlos López Quintáns.

INTERVEÑEN:

En nome e representación das súas respectivas institucións e recoñécense mútua e reciprocamente capacidade para obrigarse a subscribir o presente Convenio de colaboración entre ambas as entidades.

EXPOÑEN:

PROXECTO "AXUDA ALIMENTARIA PARA OS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUÍS"

As autoridades saharauís deron comezo de forma temperá a implementación dun plan integral para a prevención da pandemia do Coronavirus, COVID-19, que se basea no peche das fronteiras cos países veciños, en deter o movemento entre as *wilayas* e entre estas e os Territorios Liberados da República Saharauí, permanecer na casa, prohibir congregacións e reunións, pechar as escolas e contar co mínimo número de empregados/as e traballadores/as necesarios/as para garantir o funcionamento dos servizos da vida diaria. Así mesmo, a realización de campañas de hixiene e esterilización por parte das institucións competentes e intensificar os esforzos de sensibilización para cumprir cos procedementos da corentena, a distancia social e o coidado da hixiene.

Un Comité Superior, presidido polo Primeiro Ministro, e integrado por varias institucións, entre as que se atopan o Ministerio de Saúde Pública, o Ministerio de Auga e Medio Ambiente, o Ministerio de Cooperación, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Comercio e a Media Lúa Vermella Saharauí, supervisan a implementación deste plan.

Este plan, e o seu cumprimento por parte da cidadanía, tivo un gran crédito ao non rexistrar grandes números de persoas infectadas, e isto considérase un gran logro que debemos preservar; pero, como se esperaba, as actividades comerciais e económicas, que supoñen un alicerce fundamental para contribuír a proporcionar algunhas das necesidades básicas da vida diaria para miles de persoas nos campamentos de refuxiados saharauís e nos Territorios Liberados, víronse paralizadas.

A situación complicase máis para as persoas refuxiadas máis vulnerábeis, que representan o 88% dos 173.600 refuxiados, xa que **as subministracións de alimentos de urxencia se están esgotando debido á falta de fondos.**

Como resultado, as organizacións humanitarias internacionais que operan nos campamentos de refuxiados emitiron un chamamento conxunto o pasado 19 de abril, para solicitarlles aos doadores que realicen contribucións e doazóns para apoiar os procedementos de prevención da COVID-19 e evitar un maior deterioro na situación humanitaria; especialmente, porque a taxa de anemia entre as mulleres, embarazadas e nais lactantes aumentou até superar o 73%, como a porcentaxe de malnutrición entre as persoas menores de 5 anos, que se aproxima ao 25%, así como tamén se rexistra unha alta porcentaxe de persoas con diabetes e alta presión sanguínea arterial.

O valor das necesidades urxentes nos sectores básicos (auga e hixiene, saúde, nutrición, educación e protección) para os refuxiados saharauís en Alxeria estímase, aproximadamente, en 14 millóns de euros.

En canto ás persoas residentes dos Territorios Liberados da República Saharauí, cuxa poboación excede as 60.000 persoas, o impacto da crise da COVID-19 é claramente visíbel, así as repercusións negativas resultantes da situación de seca que afecta á zona, especialmente porque, para cubrir as súas necesidades, dependen da cría do gando e os intercambios comerciais coas zonas fronteirizas dos países veciños, que foron pechadas para evitar a transmisión da epidemia. As necesidades urxentes desta poboación para previr a COVID-19 estímase en 5 millóns de euros.

Para poder conter os efectos negativos da COVID-19, a Media Lúa Vermella Saharauí apela os doadores para que aceleren a provisión de contribucións urxentes aos refuxiados saharauís e apoiem os esforzos levados a cabo polas axencias das nacións Unidas e as ONG internacionais que operan nos

campamentos de refuxiados saharauís, salvan vidas, especialmente o sector da **seguridade alimentaria** e outros sectores de gran prioridade.

OBXETIVO XERAL OU DE DESENVOLVEMENTO:

Apoio á canastra básica nos campamentos de refuxiados saharauís.

OBXECTIVO ESPECÍFICO DO PROXECTO:

Cubrir o déficit existente de arroz, aceite, azucre, legumes.... etc..e almorzo nas escolas dos campamentos de refuxiados saharauís.

Tendo en conta:

Primeiro: Que o presente convenio ten por obxecto regular o desenvolvemento do "Proxecto de axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís".

Segundo: Que o Concello de Ponteareas se responsabilizará de:

- A contribución económica para a compra de alimentos en Tindouf- Alxeria.

Terceiro: Que a Asociación Solidariedade co Pobo Saharaui se responsabilizará de:

- Facer un seguimento exhaustivo do proxecto coa Delegación Saharauí para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

ACORDAN:

PRIMEIRO: Establecer o presente Convenio de colaboración entre o Concello de Ponteareas e a Asociación Solidaria co Pobo Saharaui, en orde a unha mellor coordinación do programa presente e futuros que se desenvolverán.

SEGUNDO: As partes comprométense a manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que sexan relevantes.

TERCEIRO: O ámbito de colaboración está orientado preferentemente ao seguinte campo de actuación:

Apoiar o "Proxecto de axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís" para cubrir o déficit existente de arroz, aceite, azucre, legumes.... etc..e almorzo nas escolas dos campamentos de refuxiados saharauís.

CUARTO: A contribución económica por parte do Concello de Ponteareas para o proxecto "Axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís", e así colaborar en sufragar os gastos derivados da súa execución, será de 6000 euros na conta de A BANCA ES40 2080 5056 13 3040034374.


QUINTO: A Asociación Galega co Pobo Saharauí debe presentar declaración responsable das axudas solicitadas para o mesmo fin e xustificar posteriormente o total do recibido.

SEXTO: A vixencia deste convenio rematará o 30 de decembro de 2020.

Este documento producirá efecto dende a data da sinatura.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio en:

Ponteareas, 24 de Novembro de 2020



Asdo.: Dña Maite Isla Avión
Presidenta de SOGAPS



Asdo.: D. Xosé Represas Giráldez
Alcalde-presidente do Ilmo. Concello de
Ponteareas



Asdo.: Carlos López Quintáns
Secretario do Ilmo. Concello de Ponteareas.